


# Vivir en OLEIROS

Toda a actualidade en: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Concello de  Oleiros



**Próxima mellora da pasarela  
do Castelo de Santa Cruz** Páxina 4

# 25 anos de Monumento Natural



**Que  
pasa coa  
política de  
vivenda  
da Xunta?**

Páxina 5

**Apertura  
da rúa  
Yasser  
Arafat en  
Santa Cruz**

Páxina 8

A Costa de Dexo e Serantes foi declarada Monumento Natural o 31 de marzo do 2000. As políticas medioambientais do Concello acadaron os máximos graos de protección para preservar unha das poucas zonas costeiras virxes de Europa.

Páxinas 12-13



Alternativa dos Veciños

## Oleiros participa!

Nun momento de involución democrática a nivel mundial é necesario artellar novas fórmulas de participación política para garantir que a soberanía siga residindo nos pobos e non en elites empresariais, principalmente do sector tecnolóxico. Tal e como estamos a observar, a posibilidade de que se asente un novo sistema autoritario, vestido de democracia, é real.

Ademais de preservar o dereito a unha información veraz como dique de contención contra a intoxicación mediática, hai que outorgar á

ciudadanía unha maior capacidade de control da xestión política, de intervención nas institucións, de poder de decisións dentro dos partidos... Reducir a participación democrática a votar cada 4 anos minguará a soberanía popular ante a maior capacidade de influír nos procesos electorais por parte dos Elon Musk e similares.

En Oleiros levamos décadas fomentando e participando de forma real e directa na política. O asemblearismo foi o berce de Alternativa e continúa a ser o mecanismo para tomar as principais decisións,

elixir os órganos de dirección, seleccionar os candidatos electorais,... Máis que un partido somos un movemento político, moi amplo e aberto, que nos próximos anos seguirá evolucionando e adaptándose aos vertixinosos cambios sociais, para intentar manter os mesmos niveis de participación.

Esa forma de facer política propicia a existencia dunha cultura de participación moi consolidada, inusual noutros territorios próximos e lonxanos. Así pódese explicar, entre outras cousas, a elevada implicación na recente

enquisa sobre a xestión do Concello; mal que lles pese a aqueles que non queren darlle voz á cidadanía, auténticos déspotas que actúan como tal alá onde gobernan.

Máis participación significa máis democracia e, por conseguinte, soberanía para os pobos. Salvagardar a vontade popular fronte a autoritarismos e populismos é a mellor maneira de blindar décadas de progresos sociais e económicos e de continuar avanzando cara un maior benestar. Máis Alternativa significa máis democracia.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## O Partido Popular denuncia as manobras do Concello recalificando terreos ao seu antollo

Para os Populares o alcalde roza o sarcasmo xustificando a medida coa fin de "evitar usos indesexados"

O Concello de Oleiros ten a intención de realizar modificacións puntuais no PXOM nas inmediacións de Bastiagueiro. Pretende con iso evitar o uso indesexado e precisamente

esta medida é calificada como sarcástica desde o Partido Popular de Oleiros.

"Agora vai resultar que o feito de recalificar solo rústico se fai para evitar "malos usos", o que supón na práctica vía libre para "alicatar" a zona," -manifestou sobre este asunto Loli Silva, portavoz

municipal del Partido Popular- "cando é precisamente coa recalificación o que se consegue é multiplicar o prezo do terreo, nada máis e nada menos que en Bastiagueiro."

"O Partido Popular vai levar este tema ao Pleno e pedirá explicacións ao alcalde sobre as razóns reais e os motivos

últimos que xustifican esta modificación. Vai ter que aclarar esta recalificación de rústico a comercial, estando onde está, e quen van ser os beneficiados por unha manobra que consideramos especulativa e escandalosa", concluía a súa declaración a portavoz Popular.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Hai que poñerlle fin a aloucada política do alcalde "sementador" de novas urbanizacións

Se non fora polo drama que supón poderíamos facer chanza con que Oleiros non é concello para divorciarse, pero temos un gravísimo problema coa política de vivenda que non dá para risas, nin para os que a teñen nin para os que non. Acabamos de ver como 1.900 veciños interesados nas vivendas de protección tiveron que renunciar a elas ante o seu custo de preto de 300.000€ as máis baratas ao engadirle impostos e gastos. O Concello, coa política de especulación co chan está

a expulsar aos seus veciños de toda a vida. Mentres outros concellos fan o que pedimos nós hai un ano no pleno, ceder parcelas á xunta para que faga vivenda pública, Oleiros realiza poxas ao mellor ofertante. O resultado témolo nas 1.900 renuncias de oleirenses a vivendas, que agora mercarán os de fóra. Tremendo!! Pero este urbanismo excluínate afecta tamén a quen xa ten vivenda. Vanse facer 25 vivendas no centro de Santa Cruz sen importar perder

o espazo para as festas. Fai meses aprobaron facer 390 na saída de Santa Cruz, e máis de 200 en Mera... novas construcións sen mellorar os servizos, que farán que os problemas diarios e graves de abastecemento, saneamento ou mobilidade crezan, prexudicando a quen xa vive aquí. A proliferación de novas urbanizacións onde ata o de agora había campo ou monte, saturando a capacidade urbanística, fará que quen antes abría a ventá e vía campo ou árbores, proximamente verá

20 ou 30 acaroados, perdendo boa parte do valor da súa propiedade. Urbanizacións que non mellorarán a vida dos nosos veciños ou o acceso á vivenda dos mozos, entón a quen beneficiarán? Lembremos que mentres aos veciños nos suben o IBI un 10% báixanllo nun 90% a promotores e inmobiliarias. Estas políticas antisociais benefician só a promotores e inmobiliarias, non aos veciños, pero para un alcalde que no 2024 cobrou 90.731,79€ o problema da vivenda non existe.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Vivenda protexida asequíbel para todas

Perante a desaparición de Estado e Xunta na creación vivenda protexida, o Concello tomou recentemente a iniciativa neste eido coa tramitación de vindeiras vivendas de prezo taxado cun prezo mínimo de 210.000 euros, máis IVE e achamos que sen estar incluída a cocina. Temos que lembrar que os prezos veñen marcados pola Xunta, non os fixa o Concello. A iniciativa é positiva, máis no deserto actual

que supón a vivenda de protección oficial na Galiza, porén entendemos que existe unha gran cantidade de persoas que están moi lonxe de poder acceder a estes prezos taxados. Achamos, pois que se deben instaurar vivendas protexidas accesíbeis ás persoas que máis o precisen, e que non poden acceder a estes prezos taxados. De non ser así, o goberno municipal estaría a promover a construción de

vivendas cun prezo protexido ás que só poden acceder persoas que non teñen problemas para acceder á vivenda a prezo libre, e fican excluídas as persoas que xa están fóra do mercado por motivos económicos. Segundo informa o propio Concello "a inmensa maioría tivo que renunciar por non poder fronte ao depósito inicial", é dicir, por falta de liquidez. Tal e como defendemos no BNG, o Concello

ten moitas políticas posíbeis nas súas mans como son a mobilización de vivenda baleira, a limitación de prezos en zonas tensionadas, o alugueiro social, a rehabilitación, sancións a vivendas baleiras para evitar a especulación, o fomento de proxectos vivenda colaborativa (crowdfunding) para maiores e colectivos específicos ou a creación de mesas de vivenda con participación cidadá...

# Editorial • Coidemos a fonte da sabedoría

◆ A deshumanización é o principal reto ao que nos enfrontamos como sociedade no futuro próximo. A imparabile dixitalización, que se acelerará polo control dos tecnomagnates sobre os gobernos, conduciranos a unha nova civilización na que está por dilucidar que pasa cos valores humanos.

O modelo social que xa asoma aporta inxentes beneficios económicos para uns poucos. Todo hai que dicilo, tamén trae consigo a universalización de importantes avances en distintos ámbitos: comunicacións, sanidade, ciencia, seguridade,... que, por outro lado, provocan retrocesos nos aspectos máis esenciais da condición humana.

Os cambios nas relacións persoais e familiares están aí. O desapego entre as persoas, o egoísmo, a soidade, o illamento, as enfermidades mentais, adiccións, novos delitos... Un auténtico tsunami de deshumanización que nos arrasa, sen que desde os Estados se actúe. Vémolo en España, onde gobernos estatais e autonómicos de PP ou PSOE, na práctica, seguen unha mesma liña.

O máis abominable desta nova era é o que está a suceder coas persoas maiores. Abandonadas, desprezadas, desprotexidas, illadas, condenadas á soidade e mesmo á pobreza. Ese incalificable "total van a morir igual" da presidenta de Madrid evidencia as políticas liberais que se pretenden imponer neste século XXI.

Unhas políticas que consolidan un modelo asistencial de residencias privadas, propiedade de grandes grupos empresariais estreitamente ligados ao poder político. En Galicia temos neste momento un escasísimo número de prazas públicas, aos que lle toca

unha sempre acaban moi lonxe das súas familias. A maioría vese abocada a centros privados e para poder pagalos, en moitos casos, teñen que acabar vendendo todo canto teñen.

Resulta igual de indignante a demora na tramitación das solicitudes de dependencia por parte da Xunta, que xa está en 16 longos meses, demasiada espera, por desgraza, nalgúns casos. Unha dependencia para a que tampouco se destinan os recursos económicos necesarios, deixando en mans dos concellos a calidade do servizo de axuda no fogar, que agás casos de especial compromiso como o de Oleiros, a atención é cada vez máis precaria.

A todo isto poderíaselle sumar a paulatina destrución do sistema público de pensións, a constante perda de poder adquisitivo dos xubilados, as prexubilacións para uns poucos e o incremento da idade de xubilación para a maioría, as dificultades de acceso a novos servizos electrónicos,...

Galicia sempre destacou no conxunto de España pola relevancia que sempre tiveron as persoas maiores nas familias e nas comunidades. Avós e avoas de hoxe que onte foron os homes e mulleres que co seu esforzo e traballo nos deron todo canto temos e gozamos, que non é pouco.

Esa fonte de sabedoría tan grande, que só dá a experiencia dos anos, non pode ser apartada nin moito menos maltratada se aspiramos a construír unha sociedade avanzada. Rebelémonos contra a deshumanización coidando aos nosos maiores como se merecen, acompañémolos, escoitémoslos e aprendamos. Sexamos humanos. Máis intelixencia emocional e menos intelixencia artificial!



# Costas mellorará a pasarela do Castelo



## “ O Goberno central acepta as peticións do alcalde

Tras meses de denuncias públicas, reclamacións e envío de diversos informes técnicos á Dirección Xeral da Costa e o Mar, o secretario de Estado de medio ambiente recibiu en Madrid ao alcalde e ao concelleiro de obras para atender as demandas do Concello de Oleiros. A reunión saldouse de forma moi positiva acadando o compromiso de que o Goberno central acometerá de inmediato a obra da pasarela do Castelo. Tamén se alcanzou un principio de acordo para completar os tramos pendentes do paseo da ría, entre Beiramar e Cambre.



## Pasarela do Castelo

Aínda que o deterioro é moi visible a simple vista, o Concello presentou en Madrid diversos informes técnicos que avalan a urxente necesidade de actuar por cuestións de seguridade. O secretario de Estado de medio ambiente comprometeuse a realizar a obra de inmediato, quedando tan só pendente de dilucidar por parte dos enxeñeiros se é máis convinte reparar a actual estrutura ou construír unha nova.

“ Milleiros de persoas transitan durante todo o ano pola pasarela para acceder ao Castelo, un dos espazos públicos máis destacados de Oleiros e un dos grandes reclamos turísticos de Galicia.



## Paseo da Ría

Nun prazo breve de tempo, non superior aos dous meses, responsables do Ministerio visitarán Oleiros para analizar in situ os trazados e demais cuestións a determinar para conectar o paseo creado coas obras do dragado da ría.

“ O Concello procederá próximamente á eliminación dos tocóns das árbores que foron talados para crear o paseo na zona de Paraíso.

# Política de vivenda da Xunta: non existe

“ Moitas persoas vense privadas de participar nas cooperativas do Concello por non dispoñer de ningunha subvención autonómica nin estatal para afrontar o pago inicial



O Concello de Oleiros reclama que os cartos se entreguen no momento de afrontar o pago inicial da entrada das vivendas, que é cando realmente máis se necesita, e que se inclúan todas as vivendas protexidas, tamén cooperativas como as de Oleiros que son protexidas en réxime concertado.

## SUBVENCIONS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2025

### ■ VI501A - Subvencións para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia

- Vivendas en Concellos de menos de 10.000 habitantes (non aplica a Oleiros)
- Vivendas en centros históricos (non aplica a Oleiros)
- Vivendas protexidas (si aplica a Oleiros)

Para poder acceder a estas axudas as vivendas teñen que estar construídas no momento da presentación da solicitude

**No ano 2024 tramitáronse 24 subvencións en toda Galicia**

### ■ VI402B- Programa de avais para a xuventude

Non serve para vivenda nova, só para vivenda usada.

**Nos 2 últimos anos beneficiáronse destes avais 196 persoas en toda Galicia**

As distintas subvencións autonómicas para a adquisición de vivenda protexida non se conceden ata a sinatura das escrituras, é dicir, ata o final da obra. Tampouco se inclúen cooperativas como as promovidas polo Concello de Oleiros.

Pouco sentido ten esta política de vivenda da Xunta de Galicia, a non ser que o que realmente se pretenda sexa realizar un anuncio propagandístico e que os fondos non se repartan. O principal escollo das persoas que queren adquirir unha vivenda protexida está na falta de recursos para afrontar o pagamento da entrada, dado que os bancos non financian máis do 80% do custo dos pisos. Son moitas as persoas que non dispoñen dese 20% restante, que hai que pagar inicialmente, e que quedan totalmente desamparadas ante as políticas da Xunta, a administración con competencias en vivenda xunto co Estado.

“ Os prezos de venda de todos os pisos protexidos que se constrúen en Galicia están fixados polos parámetros establecidos pola Xunta. No caso das cooperativas de Oleiros o prezo medio da vivenda de 3 dormitorios está en 220.000 euros. En ningún caso hai pisos protexidos a 300.000 euros.

## Próxima construción de 36 novas vivendas de protección en réxime de aluguer



Ademais das 148 vivendas de protección que se van construír mediante cooperativas de veciños e veciñas, vense edificar outros 36 pisos protexidos que se destinarán a aluguer. Serán en Icaria, no novo sector que está a piques de finalizar entre Montrove e Perillo.

Malia a inexistencia de iniciativas reais e efectivas por parte da Xunta e o Estado, que son as administracións con competencias no ámbito da vivenda, o Goberno municipal segue a desenvolver políticas destinadas á creación de pisos protexidos mediante diversas iniciativas. Neste caso, grazas ao último desenvolvemento urbanístico de Icaria foi posible reservar solo para vivendas protexidas que se construírán por un promotor e se alugarán aos prezos fixados pola Xunta de Galicia.

## Solicitadas as licencias para os pisos das cooperativas de Perillo e Xaz

A empresa que adquiriu as parcelas municipais e que está a constituír as cooperativas para a creación de 148 pisos de protección presentou as solicitudes de licencia para as 117 vivendas de Xaz e Perillo. Desta forma, mantense a previsión inicial de comezar as obras no mes de maio.

Neste momento xa están comprometidas 113 das vivendas. No caso da cooperativa de Mera (28 vivendas) o volume de adjudicacións é inferior a Xaz e Perillo debido a que o proceso de chamadas ás persoas interesadas iniciouse máis tarde pola modificación realizada para crear vivendas nas plantas baixas.

# As obras que non se ven

“ Durante os últimos 5 anos o Concello investiu 7,7 millóns de euros en obras de renovación e melloras das redes de auga, saneamento e pluviais. Neste 2025 a cifra será de 4,2 millóns



Os 432 km da rede xeral de abastecemento de auga, xunto cos 9 depósitos, atópanse en constante proceso de mellora. Na renovación das tuberías vanse priorizando aqueles tramos nos que se producen máis roturas. Así, durante o presente ano 2025 está previsto un investimento de 3,4 millóns nas rúas Manuel Pardo de Andrade, República Arxentina, Castranelas, Pazo, Salvador Allende, Rosalía de Castro e depósito da Edreira.

Na mesma liña avánzase na rede de saneamento, que se foi estendendo por todo o municipio mediante un sistema de cooperación veciñal. Tamén se van realizar obras de mellora nas redes de pluviais en diversas zonas do municipio, para mitigar así problemas derivados dos episodios puntuais de fortes precipitacións, cada vez máis concentradas como consecuencia do cambio climático.

## DÉCADAS DE TRABAJO



■ Luis Garrido, concelleiro de Santa Cruz, no acto de inauguración da chegada da traída de auga a Santa Cruz

A finais dos 70, nun Oleiros de 15.000 habitantes, as distintas localidades carecían dos servizos públicos máis básicos. Non había redes de auga e alcantarillado, nin iluminación pública, as rúas asfaltadas eran escasas, as beirarrúas non existían...

“ Mediante un arduo traballo realizado polo **Goberno municipal, apoiado fortemente polo movemento veciñal, foi creándose o amplo sistema de infraestruturas públicas existentes, que chegan a todos os núcleos urbanos.**

## FUTURO GARANTIDO



A planificación no crecemento do municipio vaia máis alá da protección pasaxística e a ordenación urbanística. Para manter a calidade dos servizos e melloralos sen gravar a economía do Concello, en función da dimensión das novas urbanizacións impónñense a creación de distintos servizos tales como depó-

sitos de auga, depuradoras, bombeos... É o caso da urbanización de Xaz, na que se obrigou aos propietarios do solo a custear dous novos depósitos de auga e ampliar a capacidade da depuradora de Xubín, non só para servizo da nova urbanización, senón tamén para as parroquias de Dorneda e Oleiros.

## MELLORAS COMARCAIS

A auga do Concello de Oleiros procede da rede comarcal xeral mediante a que se subministra a todos os municipios. Para mellorar esas tuberías xerais os alcaldes e alcaldesas de Oleiros, Cambre, Bergondo e Sada teñen solicitada unha reunión cos responsables da Xunta de Galicia. Neste momento, urxe construír un novo depósito de auga en Sarro para garantir o subministro da parroquia de San Pedro e de parte de Cambre e mellorar as conducións que proceden de Bergondo e abastecen a ese Concello, a Oleiros e Sada.

# Máis espazos públicos para Mera

“ Outros 22.000 metros para os veciños e a adquisición por adiantado dos terreos do campo de fútbol coa nova urbanización que se creará tras Pinar do Río



A urbanización do terreo, é dicir a construción de rúas, beirarrúas, tuberías de auga, alcantarillado, electricidade,... non implica a construción das vivendas. Unha vez finalicen esas obras de urbanización poderían chegar a construírse un máximo de 4 bloques de edificios e 72 vivendas unifamiliares, non existindo previsión da súa edificación total a curto nin a medio prazo.

## As vivendas ocuparán menos do 50% do solo

Para seguir avanzando na consolidación da malla urbana de Mera como espazo de calidade e benestar dotado de amplas zonas públicas, cun urbanismo de baixa densidade impedindo a masificación que se estila por toda a costa española, o Concello sacou a contratación as obras de urbanización do ámbito de 52.204 metros cadrados que está entre Pinar do Río, a rúa da Gándara e a estrada da Besta. O custo será de 4,3 millóns de euros que terán que sufragar os propietarios do solo, en función do aproveitamento que dispoñan.

“ Preto da metade dos terreos, ata o de agora privados, pasarán a ser públicos, para servizo e disfrute de toda a cidadanía como zonas verdes, aparcamentos,...

## O CAMPO DE FÚTBOL foi posible grazas a esta urbanización



Para adquirir a parcela de 12.546 metros que ocupa o Campo Deportivo A Marola, o Concello compensou aos propietarios con parcelas urbanas deste ámbito. Para que puidesen dispoñer das súas propiedades, era de xustiza promover esta urbanización o antes posible.

# Finalizada a rúa Yasser Arafat

“ *Apertura cun acto público o 30 de marzo*

Con motivo do Día da Terra Palestina, o domingo 30 de marzo ás 12:00 horas procederá á apertura da nova rúa que conecta a avenida Concepción Arenal coa rúa do Souto, en Santa Cruz. Será un acto público aberto a toda a cidadanía no que está prevista a participación dun dos principais referentes da poboación palestina en España Ghaleb Jaber Ibrahim, presidente honorífico da Fundación Araganey Puente de Culturas, entidade que ten por obxectivo o achegamento entre as culturas española e árabe.

O lendario líder palestino Yasser Arafat entrará no honorable nomenclátor que conforman os espazos públicos de Oleiros por ter sido unha das persoas que máis loitou pola paz de Oriente Próximo, ata o punto de recibir o Premio Nobel. Arafat combateu desde moi novo a cruel inxustiza do imperialismo e a ocupación sionista da súa terra e liderou durante décadas o movemento para recoñecer Palestina como Estado.



“ *Toda a costa de Oleiros será camiñable por terreos públicos.*

## Aprobación definitiva do proxecto da senda costeira entre Naval e Canide

“ *Serán 2,5 km nos que o Concello vai investir 2.070.835 euros*

O Goberno municipal segue avanzando na tramitación previa necesaria para abrir á cidadanía o último tramo de costa que aínda non é público. Ademais da aprobación definitiva do proxecto, tamén está en marcha o expediente de expropiación para adquirir os terreos necesarios.

Respecto ao proxecto aprobado inicialmente o pasado ano introdúcense algunhas variacións para facelo máis sostible e reducir o impacto medioambiental e paisaxístico. Entre outros cambios, o ancho da senda será de 4 metros e non de 6 como está contemplado inicialmente; empregaranse pavimentos filtrantes; utilizaranse materiais naturais para o mobiliario e aproveitaranse algúns camiños xa existentes.



## Solicitados 9 millóns de fondos europeos

O Concello presentouse á última convocatoria de fondos europeos para recibir financiamento para diversas actuacións que no seu conxunto suman 16 millóns de euros. En concreto trátase do Mercado Municipal de Perillo e a súa contorna, o Castelo de Santa Cruz, a fachada marítima de Santa Cristina, a biblioteca central Rialeda e o multiusos de Bastiagueiro.

Na última convocatoria deste tipo o Concello presentou a obra do paseo fluvial de Iñás e Nós, de 3,5 millóns de euros. Esta importante actuación de protección da natureza e fomento da mobilidade sostible cumpría con todos os requisitos para obter financiamento e, de feito, superou a valoración obxectiva. Foi na parte subxectiva onde foi excluída por cuestións partidistas.



# Sementes de vencer!



Con motivo da conmemoración do Día Internacional das Mulleres, o Concello editou un vídeo protagonizado por mulleres que participan en distintas entidades sociais e veciñais do municipio. O vídeo pode visualizarse nas redes sociais do Concello e pon de manifesto a importancia da forza colectiva das mulleres como motor de cambio.

**O Concello agradece a todas as mulleres participantes a súa boa disposición e colaboración para a realización deste vídeo, que supera as 100.000 reproducións.**

YouTube



Ver vídeo ▲

## Acto con mulleres gardas civís no auditorio de Mera




Con motivo dos actos de conmemoración do 8-M, o auditorio Gabriel García Márquez acolleu un encontro de mulleres gardas civís co alumnado dos institutos de Oleiros. As 9 axentes participantes, de distintas xeracións, deron conta dos importantes avances logrados ao longo dos anos para romper barreiras nunha profesión tradicionalmente masculinizada.

Foi un encontro ameno, distendido, no que se relataron distintas vivencias moi enriquecedoras para a formación en igualdade dos mozos e mozas participantes, que tamén tiveron ocasión de realizar preguntas ás gardas civís.

## Novo recoñecemento europeo

“ Oleiros pasa a contar con 4 sendeiros azuis europeos coa inclusión do paseo fluvial de Iñás e Nós



O Concello incrementa a 4 os sendeiros azuis europeos ao recibir tamén esta distinción o paseo fluvial de Iñás e Nós, que se suma aos paseos e parques costeiros, ao Monumento Natural e ao Bosque de Xaz. O elevado número de quilómetros de paseos e sendeiros existentes a carón do mar ao longo de todo o litoral, a desprivatización e conservación do Bosque de Xaz e a recente creación e apertura do paseo fluvial do río de San Pedro fai posible este importante recoñecemento.

A entidade europea ADEAC, que entrega estes prestixiosos galardóns; analiza a preservación e mellora das condicións ambientais existentes, a seguridade e facilidade de uso para os visitantes, e unha xestión integrada e coherente dos valores naturais, históricos, culturais e etnográficos que conforman o noso patrimonio litoral. A costa de Oleiros, desde a ría da Pasaxe ata Lorbé, e o Bosque de Xaz cumpren claramente con todos estes criterios de valoración.

# Modificación do Plan Xeral nas proximidades de Bastiagueiro

“ Este solo non era rústico, estaba clasificado como de equipamentos

Durante máis de 20 anos distintos grupos pretenderon a construción dunha gasoleira nesta parcela lidante con decenas de vivendas e a menos de 100 metros da praia de Bastiagueiro. Tras varios pleitos o Goberno municipal conseguiu paralizala. Para evitar definitivamente ese tipo de usos indesexados no futuro, o Concello vai modificar no Plan Xeral o seu uso clasificándoa para equipamentos deportivos, dándolle así continuidade ás distintas instalacións deportivas e de ocio de toda a zona.

Alexarase así a ameaza que os veciños e veciñas da urbanización Bastiagueiro ían ter permanentemente. Tamén se evitará que as augas dos trens de lavado poidan acabar na praia.




## AENA sobredimensiona asafeccións sonoras do aeroporto

“ O Concello recorre ante o Tribunal Supremo para que se reduza a zona de protección

Para defender a veciñanza de Montrove e O Seixal ante asafeccións da “pegada sonora” do aeroporto de Alvedro que pretende impoñer AENA, o Concello realizou un estudo técnico para medir o ruído en 9 puntos distintos entre os días 3 e 31 do pasado mes de decembro. Os resultados indican que as curvas isófonas proporcionadas por AENA na modelización acústica presentan un valor máis elevado do que se mediu in situ cos sensores acústicos.

O Concello presentara alegacións ao Real decreto no que o Ministerio de Transportes aprobaba as servidumes aeronáuticas acústicas, o mapa de ruído e o plan de acción do aeroporto de Alvedro, segundo o que quedaban afectadas 53 hectáreas de Montrove e O Seixal. Ante a falta de contestación ás alegacións, o Concello elevou o asunto ao Tribunal Supremo ao que os servizos xurídicos municipais remitiron este informe técnico para que se modifique aafección da pegada sonora.



O Concello instalou medidores en distintas localizacións afectadas pola pegada sonora



## O depósito de coches no polígono de Iñas

O depósito para recoller os coches retirados polo guindastre municipal pasou a estar no Polígono de Iñas, nas naves municipais da rúa do Barbanza. Trátase dun servizo utilizado maioritariamente pola cidadanía de fóra do municipio, principalmente no verán, xa que entre os veciños e veciñas de Oleiros existe un grao de concienciación moi elevado respecto ao cumprimento da normativa de circulación e aparcamento.



# TITULARES

**LA RAZÓN**  
Galicia  
**Así es el municipio gallego con alcalde comunista en el que busca casa Richard Gere**  
En 2021 el actor ya pasó unas vacaciones junto a su familia en esta localidad costera

«Oleiros tiene la renta per cápita más alta de Galicia», Concello de Oleiros

**HUFFPOST**  
**El paraíso gallego que ha captado la atención de los Premios Goya y ha enamorado a Richard Gere**  
La aparición del actor Richard Gere en los Premios Goya 2025 no solo dejó huella por su merecido Goya Internacional, sino también por su conexión personal con Galicia, en concreto con el pueblo de Oleiros.

- Ni Riaza ni Talavera de la Reina; este el pueblo a una hora de Madrid que es perfecto para una escapada

El paraíso gallego que ha captado la atención de los Premios Goya y ha enamorado a Richard Gere. Concello Oleiros

Otras noticias interesantes

- Los balnearios más baratos de los viajes del Inverso: una oportunidad única para disfrutar de las aguas medicinales
- Esta es la exposición más grande sobre Egipto que llega a la comunidad de Madrid y es gratis
- El destino fuera de Europa al que puedes viajar sin visado este 2025

**EL PAÍS**  
EL PERIÓDICO GLOBAL EN ESPAÑOL  
**Oleiros, una joya escondida en A Coruña**  
Un viaje con inicio en el castillo de Santa Cruz, una fortaleza enclavada en un islote idílicas playas de Mera

Oleiros está a ocupar numerosas páxinas de distintos xornais e revistas nacionais e internacionais. Independentemente das liñas editoriais, cada vez son máis as reportaxes que reflicten unha parte da realidade do municipio verazmente, de forma moi distintas ás que se teñen publicado en anteriores ocasións por outros medios que adoitaban simplificar e debuxar un Oleiros inexistente.



# SUPLENTES

Non é novo, pero algún medio de comunicación non cesa na publicación de informacións falsas e sesgadas sobre o Concello de Oleiros. O obxectivo é desacreditar o traballo do Goberno municipal e crear unha corrente de opinión negativa.

La Voz de Galicia (A Coruña) - La Voz de A Coruña  
OLITANA • Domingo, 9 de febrero del 2025 • La Voz de Galicia  
**Paradoja en Oleiros: Cáritas pide ayuda en el municipio más rico de Galicia**  
En un año se han duplicado las familias pobres «y nuestros fondos se agotan»

La renta media de Oleiros supera los 41.000 euros anuales. Es el concejo más rico de Galicia y se mantiene entre los 50 primeros de España. Pero detrás de la extraordinaria calidad de vida, las pías servicios municipales, se esconde una realidad muy distinta para más de un centenar de familias cuyas necesidades están aquejando las arcas de Cáritas Santa Cruz-Láza, una ONG que cubre todo el municipio con excepción de Poreiro y Mera, que cuentan con instalaciones propias de Cáritas.

«Algunos tiempos previde esta entidad desde el 2010 y el mismo reconoce que nunca habían estado tan cerca de descubrir tantas familias en la zona del distrito. «Tenemos 130 familias anotadas, de las que 104 vienen con ansiedad, pero después de Navidad ya no podemos repartir determinados alimentos o materiales, debemos rebajar la cantidad para que lleguen para todos», relata el veterano presidente, que pide siempre a la sociedad, «que siempre ha sido muy solidaria, para intentar reafirmar los fondos y do-

La gran situación estuvo disfrutada durante la pasada Navidad, unos días en los que la sociología nos donativos para los más desfavorecidos. Pero después de Reyes, las ayudas cesaron de nuevo en picado. No obstante, la penúltima situación que vive Cáritas Santa Cruz-Láza no se debe a una reducción de donativos. «El problema es que en el último año se ha duplicado el número de usuarios, tenemos unos 60 y ahora pasamos de 100, y con los mismos recursos», explica Mariqúita Moreno. Por eso los pedidos, que compra la propia asociación, se entregan más a cuentagotas. «Si antes había 30 niños que los necesitaban, ahora hay 35, las donaciones no han disminuido, pero con lo mismo

La Voz de Galicia • Sábado, 15 de febrero del 2025 • ÁREA METROPOLITANA  
**Humedades y filtraciones amenazan Rialeda, una joya del modernismo**  
El Concello de Oleiros ha tasado las obras en 1,2 millones de euros

ANTÓN S. RODRÍGUEZ  
OLEIROS / LA VOZ

La Biblioteca Central de Rialeda no es un edificio cualquiera en la comarca. En su historia centenaria, este emblemático de Oleiros ha superado un incendio y las aversas intenciones inmobiliarias para convertirse en 1998 en uno de los templos culturales del municipio. Pero un inmueble sensible también sufre el desgaste de los años, por lo que el Concello lo acaba de incluir en el listado de necesidades urgentes a la hora de pedir fondos europeos.

La humedad y otros perjuicios están minando la madera, algo especialmente visible en uno de los ventanales del Recuncho Infantil, donde asoman desechados y algún trazo del techo dibuja lamparones. En el interior, algunos elementos de carpintería también están hinchados. En la segunda planta es necesario tapar los huecos de las ventanas (frecuentemente son puertas) con papeles de periódicos. El frío se cuele por alguna rendija vertical.

De este modo, el gobierno local de Oleiros ha optado por acometer una serie de mejoras de ahorro energético. Ello supondrá el cambio de puertas y ventanas, así como la cubierta, está prevista la impermeabilización de las terrazas; se acometerá una reforma al sistema eléctrico; y también se actuará en las zonas más perjudicadas de los jardines y habrá una mejora en el muro exterior que se levanta junto a la N-6. El

«El proyecto para o que solicitaremos financiamento nun fondo Edif. Leváremolo a pleno e adelantaremos a data para gañar tempo», señala el concejal del grupo de goberno Pablo Cabeira.

La fachada marítima de Santa Cristina y la obra del multito de Bastiagueiro. La suma total ascende a 10 millones de euros. Rialeda, en la parroquia de Pezullo, no es una biblioteca al uso.

Las obras incluírán el cambio da cuberta. CESAR QUAN

so levantado fuera del inmueble principal.

El inmueble nació como un regalo de enamorado del arquitecto Rafael González Villar a su mujer, recogiendo ideas que había captado en sus viajes por toda Europa. Pero ella falleció sin llegar a cumplir los dos años de matrimonio. El arquitecto optó entonces en transformarlo en un restaurante de lujo y así se mantuvo hasta mediados del siglo pasado. Posteriormente pasó por varias manos particulares como vivienda, hasta que el último de ellos intentó derribarlo para levantar pisos en el solar. Por el medio, la casa sufrió un incendio y fue recuperada por 60 trabajadores de la escuela taller. El Concello la rescató a tra-

L6 • ÁREA METROPOLITANA • Lunes, 17 de febrero del 2025  
**Oleiros justifica el cambio en parcelas de Bastiagueiro para evitar «usos indesexados»**

OLEIROS / LA VOZ

Oleiros tramita cambios de usos en cinco parcelas de Bastiagueiro, con una superficie de 7.043 metros cuadrados, y los justifica para «completar a ordenación urbana do entorno da praia e evitar a aparición de usos indesexados como podería ser a construción dunha gasolinera». «A instalación dunha gasolinera nese lugar da avenida Ernesto Che Guevara suporía a contaminación da praia de Bastiagueiro, que se atopa a unha distancia de 100 metros», señalan desde el consistorio y matizan que «tamén carrearía un importante perigo para as viviendas que se atopan pegadas á parcela, na Rúa dos Niños».

Aseguran que al tramitar una modificación puntual número 16 del Plan Xeral para clasificar este suelo, comprendido entre la avenida Che Guevara y la Rúa dos Niños, como dotacional para equipamientos deportivos o terciarios «se poderían construír vivendas e daríase a continuidade aos equipamientos deportivos e de ocio que xa existen nas proximidades da praia».

En dos de las parcelas hay dos edificios con viviendas y el resto estaba previsto en el plan como áreas de aparcamiento.

En Oleiros non se duplicaron os «pobres». O número de familias en situación de vulnerabilidade pasou de 284 a 274, é dicir, houbo un lixeiro descenso.


A Biblioteca Central Rialeda non está caendo. Para adelantarse a futuros deterioros, o Goberno municipal pretende financiar distintas obras de mellora e conservación mediante subvencións da Unión Europea.

O Concello non vai permitir construír vivendas nesta zona da avenida Che Guevara. Así foi comunicado mediante nota de prensa a todos os medios e reiterado polo alcalde en Radio Voz.

# O edén ártabro, un tesouro natural salvagardado

“ O 31 de marzo cúmprense 25 anos da declaración como Monumento Natural da costa de Serantes e Dexo. O Concello non só activou este importante mecanismo senón que tamén logrou a súa inclusión na Rede

Natura 2000 europea, ademais de outorgarlle a máxima protección urbanística a través do Plan Xeral. De non ser pola firmeza das políticas medioambientais do Goberno municipal, hoxe non existiría o Monumento Natural como tal.



Fiel á sabedoría das persoas que habitaron as parroquias de Serantes e Dexo durante os últimos séculos, o Goberno municipal estableceu como prioritaria a preservación natural da costa libre de novas construcións. Así, foi paralizado o intento dunha inmobiliaria madrileña de crear unha urbanización en Seixo Branco aproveitando da Lei do solo do Goberno de Aznar. A empresa chegara a adquirir ao Ministerio de Defensa os terreos que ocupan as antigas baterías militares, pero finalmente a operación foi bloqueada polo Concello e o solo acabou sendo revertido ao Estado.

Nunha liña semellante, a Xunta de Galicia outorgoulle cualificación de parque eólico á zona, o que tamén foi impedido polo Concello. Foron tamén varias as propostas de creación dunha ponte con Ares, así como as promesas electorais do Partido Popular de Oleiros de realizar todo tipo de actividades nocivas para o medio ambiente,...

## Diana María

Outra das tentivas destrutoras deste espazo aconteceu tralo naufraxio a plena luz do día e co mar en calma dun pequeno mercante que encallou nos cantís en xuño de 1998.

O barco só sufrira unha pequena greta pero a Dirección Xeral de Portos do Estado pretendía desguazalo in situ abrindo unha estrada para o paso de grúas e camións.

A oposición do Goberno municipal foi determinante para impedi-lo e, tal e como reclamaba o Concello, finalmente o barco foi remolcado polo mar, frustrando así a destrución do territorio que se pretendía tolerar por parte das autoridades do Estado para facilitar o negocio do desmantelamento do Diana María e o do cobro de seguros.



O Monumento Natural abrangue toda a franxa litoral que vai desde o faro de Mera ata o porto de Lorbé uns 11 km lineais e máis de 270 hectáreas.

A escasa pegada humana ao longo dos séculos permite a existencia de fermosas paisaxes que permiten imaxinar o que sería a costa galega séculos atrás.


Ademais existen destacados trazos xeomorfolóxicos e relevantes elementos de flora e fauna, cunha riqueza biolóxica dun incalculable valor.

## Aula do Mar



A antiga casa do fareiro dos Faros de Mera, convertida polo Concello na actual Aula do Mar é o centro de recepción de visitantes e no seu interior alberga unha exposición interpretativa permanente.

## Máis protección co Plan de Xestión



## PRÁCTICAS MILITARES

O Concello tamén reclamou que non se permitisen realizar prácticas militares. A Xunta estimou parcialmente este recurso, prohibíndoas tan só entre agosto e febreiro, ao considerar que só afectarían á conservación dos hábitats naturais durante eses meses.

A instancias do Concello, a Xunta atópase en proceso de aprobación do Plan de xestión do Monumento Natural para regular distintas actividades e usos. O Concello presentou 38 alegacións á proposta inicial autonómica, das que se resolveron favorablemente máis da metade. Entre outras, a Xunta aceptou prohibir calquera tipo de competición deportiva, promover a plantación de árbores autóctonas en detrimento do eucalipto, incrementar as partidas económicas para loitar contra as invasoras ou restrinxir de xeito máis severo o acceso ás furnas. Está pendente de resolución por parte da Xunta os límites xeográficos, que o Concello reclama que coincidan cos establecidos no Plan Xeral.

# Tres contenedores de material enviados desde Oleiros axudan a Cuba a mitigar as consecuencias do bloqueio



Distintos centros hospitalarios das provincias de La Habana, Artemisa e Guayabeque recibiron tres contenedores de axuda humanitaria de Oleiros, de especial importancia para o momento que vive Cuba, castigada desde hai décadas polo cruel bloqueio estadounidense, que lle impide o normal desenvolvemento da súa economía.

O envío composto por material sanitario, cadeiras de rodas, libros, mobiliario de oficina e material eléctrico foi distribuído pola entidade social Quisicubaba, que o achegou a hospitais, consultas médicas e de farmacia, así como entre entidades de promoción das persoas con problemas de discapacidade intelectual, entre outras.

A Mayabeque tamén foi parar material, que distribuíron entre tres hospitais e unha escola de arte, a de Mayabeque, recentemente inaugurada e que se dotou de sabas, mesas, pupitres, cadeiras, burós, mesas, material de cociña e outros detalles que permitirán culminar o acondicionamento e entrada en servizo.

A axuda de Oleiros supón un esforzo fundamental que busca aliviar o sufrimento das persoas afectadas por problemas como os que sofre Cuba, derivado do tradicional imperialismo americano. Quérese así contribuir á dignidade e o benestar dos habitantes da illa, fomentando a resiliencia e a recuperación a longo prazo.

## Próxima misión sanitaria de Solidariedade Galega en Chiapas

A ONG Solidariedade Galega ten previsto desenvolver un novo proxecto de asistencia sanitaria especializada en ortopedia infantil, cirurxía xeral, anestesia, oftalmoloxía e cardioloxía no Hospital San Carlos de Altamirano, no estado mexicano de Chiapas. O hospital, fundado no ano 1969 e dende 1976 xestionado polas Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul, está emprazado na entrada da selva de Chiapas e atende principalmente a poboación indíxena de baixos recursos económicos.

O 89 % da poboación atendida é de orixe indíxena, principalmente da étnia Tzeltal, en segundo lugar Tojolabal e unha minoría de orixe Chool e Tsozil. O hospital brinda unha atención humanista de saúde, sen discriminación, respectando e entendendo as diversas culturas da rexión, esforzándose en ofrecer un servizo sanitario de calidade cun custo económico mínimo para os doentes. Unha das formas de pagamento que utilizan é o troco, especialmente de produtos da terra (millo e feixóns).

Igual que en misión anteriores, o Concello de Oleiros ten previsto colaborar con esta ONG galega coa que profesionais sanitarios renuncian ás súas vacacións prestar servizo gratuitamente en Chiapas.



### CHARLAS INFORMATIVAS

**Teño un diagnóstico de Parkinson, agora que?**

Xoves 20 de marzo 18:30 h • As Torres de Santa Cruz

Coa colaboración da Asociación de Parkinson Galicia

**Acollemento Familiar, unha oportunidade para ofrecer apoio a rapazada no sistema de protección de Menores**

Xoves 08 de maio 18:30 h • As Torres de Santa Cruz

En colaboración coa Asociación Acougo, Asociación Galega de Familias de Acolliada

# A Xunta aumenta a demora nas valoracións da dependencia

“ Forte impacto negativo para as familias das persoas dependentes, que afrontan situacións difíciles cun considerable desgaste emocional e económico

A Lei de Dependencia, implementada en 2007, resultou un espelismo. A pesar das expectativas iniciais, case 20 anos despois, evidéncianse atrasos significativos na valoración e asignación de recursos, que xa están en 16 meses de media. A Xunta de Galicia realiza unha xestión ineficaz, que se reflicte na falta de recursos, mala planificación e unha comunicación deficiente cos concellos e coas familias.

A escasez de residencias públicas fai que boa parte dos aforros e patrimonio das persoas maiores vaian parar a fondos de inversión ou grandes empresas, moitas delas foráneas. O acceso a estas poucas prazas públicas é case sempre a través de procedementos de urxencia para casos de extrema necesidade, case sempre lonxe do seu lugar de residencia.

Introduciuse un "bono coidado" que, aínda que parece unha mellora, en realidade perpetúa desigualdades ao ofrecer a mesma

axuda a persoas con diferentes graos de dependencia e capacidades económicas. Ademais, elimináronse requisitos importantes, como o informe social, o que xerou máis confusión e desconfianza.

Os concellos son os que teñen que asumir as consecuencias desta política tan desconsiderada co segmento cidadán máis vulnerable. En Oleiros, en concreto, incrementáronse recentemente os recursos para paliar as estreiteces xeradas pola Xunta, para garantir a calidade do servizo de axuda no fogar, non sendo unha competencia exclusiva municipal.

“ O gasto anual do Concello de Oleiros en Servizos Sociais é Igualdade supera os 4 millóns de euros.

## Investimento de 66.000 euros no programa de excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre

Para ofrecer un ano máis actividades de sendeirismo e excursionismo ás persoas maiores de 65 anos, o Concello destina 66.622,66 euros á contratación do programa "Ven e Descubre". En total serán 1.395 prazas distribuídas en 17 saídas dun día, 12 rutas de sendeirismo e 2 excursións de fin de semana completo.

A empresa contratada deberá poñer os monitores e monitoras e o transporte de autobús, ademais de coordinar o deseño e execución dos itinerarios indicados polo Concello.



## Continúa a colleita de topónimos cos grupos de "Oleiros na Memoria"

Ademais do nomenclátor das rúas co que se recolle unha parte importante da toponimia de Oleiros, para seguir avanzando na súa conservación o Concello está a desenvolver durante os últimos anos un proxecto coas persoas maiores que participan nos obradoiros de memoria. Recollen topónimos esquecidos ou descoñecidos para construír unha memoria social máis ampla.

As persoas de *Oleiros na Memoria* xa levan documentados e recuperados 86 nomes de lugares con toda a información complementaria. É o resultado da investigación realizada a través desta actividade do Concello que une o lecer e a convivencia coa cultura popular e a toponimia. Todos os nomes recollidos inclúense na aplicación da Real Academia Galega "A Galicia nomeada".

Esta actividade é especialmente importante nestes tempos de globalización e desleixo da realidade máis próxima debido ao uso das redes. Unha época na que se debe prestar atención especial á vida de proximidade para que elementos tan ricos como a toponimia non se perdan no remuíño da información.

Un exemplo é o chamado "Rabuñeiro do río da Loba", que nace na fonte do Pazo de Miraflores. Baixa polo Rabuñeiro, cara á fonte do río da Loba, e do río de "Nosa Señora", e de alí vai cara á represa do Cerco. A dona da represa e do muiño era Ramona do Cuco. Despois vai cara a Santa Cruz, e desemboca na praia fronte ao castelo cruzando o parque Luis Seoane, nas antigas brañas. A fonte do pazo foi construída no ano 1901 e a outra fonte en 1954. No río da Loba lavábase a roupa e a xente servíase da auga para a casa, ao non ter pozo.



# 2015-2025 Primeira década do Club Hockey Oleiros

No ano 2012 o Concello creou a escola municipal de hockey para impulsar este deporte en Oleiros. Esa escola foi o embrión do que saíu o Club Hockey Oleiros, que pasou de contar con 31 fichas no seu primeiro ano a un total de 228 na actualidade. Un extraordinario crecemento asentado nun arduo traballo de canteira, no que foron claves as distintas persoas que formaron a directiva do club, así como adestradores, xogadores, xogadoras e familias, fortemente implicadas. O Concello tamén seguiu apostando por este deporte ao longo desta década abordando importantes obras de mellora e adecuación do pavillón da Rabadeira para favorecer a práctica do hockey.



## Álvaro Alvedro, campión do mundo de remo

A prolífica canteira do Club de Regatas Salgado-Perillo segue dando grandes campións. Nesta ocasión foi novamente Álvaro Alvedro quen se proclamou campión do mundo de remo indoor na categoría sénior de peso lixeiro de 19-20 anos. Completou os 2.000 metros nun tempo de 6:20.



■ **Adrián García Roca**, campión de España de Brazilian Jiu Jitsu



■ **Sara Carreira Fernández**, subcampioa de España e campioa galega de natación



■ **Sara Faraldo**, campioa galega de salto de altura



■ **Hugo Zuluaga**, campión galego de atletismo en 600 m.



■ **Laura Ríos**, subcampioa galega de atletismo en 60 m.



■ **Anxo Bascoy Piñeiro**, terceiro clasificado no Campionato galego de atletismo en triplo salto



■ **Vito Tomé**, terceira clasificada no Campionato galego de atletismo en 3.000 m.



■ **Mauro Rodríguez**, cuarto clasificado no Campionato galego de atletismo en 1.000 m.

# Alfaroleiros, próxima declaración de Festa de Interés Turístico



“ Os grandes valores de Alfaroleiros, así como a súa crecente dimensión festiva, fan deste evento un senlleiro exemplo de festa que mestura cultura, identidade, etnografía, creatividade e dinamismo económico.

Por iso, o pleno municipal aprobou o acordo necesario para que a Xunta de Galicia poida realizar a declaración de Festa de Interese Turístico.

Alfaroleiros é un dos eventos culturais máis significativos e relevantes que teñen lugar en toda Galicia. A feira, que avoga pola conservación, mantemento e divulgación do oficio artesanal da olería, está considerada como unha das máis importantes do seu sector a nivel peninsular, axudando a promover a cultura galega e a dinamizar o sector artesanal de toda España.

A súa importancia propicia que cada ano se alce como un dos catalizadores da

oferta cultural e turística que ofrece o municipio, posto que contribúe a preservar a identidade e xera durante a súa celebración un innegable impacto sobre a economía local e os fluxos turísticos.

## Presentación de *Canto popular gallego* con actuación das pandeireteiras de Santaia



O teatro das Torres de Santa Cruz acolle o martes 25 de marzo, ás 19:30 horas, a presentación da obra *Canto popular gallego* de Luis María Fernández Espinosa, na edición comentada por Manuel Rico Vereá. Intervirán o propio Manuel Rico e a profesora Rosa García Vilariño. O acto finalizará coa actuación das pandeireteiras Seixebra, do Grupo de Baile e Gaitas Santaia de Santa Cruz.

***Canto popular gallego***, de Luis María Fernández Espinosa é unha edición comentada que pretende rescatar a unha figura clave na historiografía dos cancioneros galegos de tradición oral. **Manuel Rico Vereá** desempeñou unha intensa actividade de creación, investigación e publicación de obras sobre a lingua e a literatura galegas, así como sobre a música tradicional, atendendo á súa aplicación pedagóxica; formou parte do grupo musical A Quenlla e actualmente dirixe un taller experimental de música tradicional. A súa actividade cultural foi mercedrora de importantes premios por parte do Ministerio de Culura e a Xunta de Galicia.

## A Festa do libro na rúa, en Santa Cristina



O Concello, a librería Mar de Letras e a Asociación Galega de Escritores organizan o domingo 27 de abril a segunda edición Festa do Libro na Rúa. Será na praza Afundida, en Santa Cristina. No acto participarán autores e autoras e as librerías do concello, que estarán vendendo libros e asinando de 12.00 a 19.30 h.



# Ana Vázquez, Fiz Álvarez, Elba Paris, Manuel Barreiro e Isabel Martínez, os máis lectores das bibliotecas



O Concello recoñeceu aos veciños e veciñas máis lectores das bibliotecas cunha entrega de premios celebrada nas Torres de Santa Cruz. En función das idades creáronse 5 categorías, distinguíndose aos 3 usuarios con máis libros lidos en cada franxa de idade.

Na categoría de 0 a 5 anos, a máis lectora foi **Ana M<sup>a</sup> Vázquez Labrador**, seguida de **Oscar Santos Luances** e **Olivia Sexto Pardo**. Na categoría de 6 a 9 anos, o agraciado foi **Fiz Álvarez Aguite**, seguido de **Luca Calvo Vázquez**, **Irene Fernández Paulos** e **Mateo Blanco Lique**. De 10 a 11 anos, os premiados foron **Elba Paris Jácome**, **Nicolás Blanco Lique** e **Antón Álvarez Aguite**.

Na categoría de 12 a 17 anos, liderou como máis lector **Manuel Barreiro Mantiñán** seguido por **M<sup>a</sup> Susana Barreiro Mantiñán** e **Diego Álvarez Sosa**. Por último, na categoría de maiores de 18 anos, a persoa máis lectora foi **Isabel Martínez Ozón**, seguida por **Candelaria M<sup>a</sup> Vales Varela** e **Ricardo Sandoval Bermejo**.

“ O premio consistiu nun vale para adquirir libros, material informático, audiográfico ou videográfico por importe de entre 75, 100 e 120 euros, en función da posición.

## Irene Fernández, premiada polo Ministerio de Educación



Irene Fernández Paulos, do colexio Cristo Rei, recolleu en Madrid o premio “Una Constitución para todos” como ganadora do concurso convocado polo Ministerio de Educación. No traballo premiado, Irene narrou a historia dunha nena que viaxa ao pasado co obxectivo de pedir ao “país” da Constitución que recoñezan os dereitos universais para todos os nenos e nenas do presente.

## Ler para saber: a ciencia, charlas de divulgación científica na Biblioteca Rialeda

21 de marzo

### A CIENCIA SECRETA DOS NÚMEROS: A ESTRATEXIA DETRÁS DOS GAMERS

Esau Rodríguez González. Licenciado en Ciencias e Técnicas Estadísticas pola Universidade de Granada

4 de abril

### EXPLORACIÓN DE MARTE

Alejandro Cardesín Moineiro. Enxeñeiro e científico de Misións Planetarias

25 de abril

### OS NOSOS AMIGOS OS MICROORGANISMOS

Carmen Rioboo Blanco. Profesora de Microbioloxía na Universidade da Coruña

9 de maio

### EXPERIMENTOS CASEIROS PARA COMPRENDER O NOSO PLANETA

Xacobo de Toro Cacharrón. Profesor de Bioloxía e Xeoloxía

As charlas de divulgación científica están dirixidas a todos os públicos maiores de 10 anos. O acceso é libre e gratuito.

## Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas

### • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO 981 639 511

#### MARZO:

- ▶ **Día 20:** *Tralará: contos, obxectos e música* con **Marta Ortiz** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 27:** *Contacontos sensorial* con **Eduvía: vías para a educación** (entre 2 e 4 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 3:** *O traxe novo do rei* con **Tarabelos Teatro** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 10:** *Coas mans na masa* con **OQO** (+ 6 anos)
- ▶ **Día 24:** *A cebra Camila* con **Catuxa Cela** (entre 2 e 4 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 8:** *Radio Bulebule* con **Paco Nogueiras** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 15:** *Os contos das avoas* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)



### • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ 981 626 338

#### MARZO:

- ▶ **Día 19:** *Chimpo de ra* con **Raquel Queizás** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 26:** *O rei do bosque* con **Charo Pita** (+ 5 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 2:** *Contos con tradición* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 9:** *Obradoiro de teatro de sombras* con **Tabrabelos Teatro** (+ 6 anos)
- ▶ **Día 23:** *Os libros da titiriteira* con **A Xanela do Maxín** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 30:** *Se as árbores falasen* con **Iseo a Moura** (+ 5 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 7:** *A illa dos contos de verán* con **Raquel Crespo** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 14:** *Lonxedetodo en festas* con **Trinketrinke Teatro** (+ 5 anos)



### • BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA 981 628 507

#### MARZO:

- ▶ **Día 21:** *Amoriños contei* con **Tarabelos Teatro** (+ 5 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 4:** *Os ratiños da caixa* con **Trinketrinke Teatro** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 25:** *A nena que se comía todos os contos* con **Trémola Teatro** (+ 5 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 9:** *Contos con tradición* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 4 anos)



### • BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA 981 626 638

#### MARZO:

- ▶ **Día 24:** *Doro* con **Raquel Crespo** (entre 2 e 4 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 7:** *Os chibos chibóns* con **Catuxa Cela** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 28:** *Contos e máis contos* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 12:** *Contos dunha roda. Rosalía de Castro* con **Tarabelos Teatro** (+ 5 anos)



### • BIBLIOTECA ÁNCEL FOLE. NÓS 981 664 257

#### MARZO:

- ▶ **Día 28:** *Leo e a música* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 4:** *Os libros da titiriteira* con **A Xanela do Maxín** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 25:** *A decisión de Inú* con **Raquel Crespo** (entre 2 e 4 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 9:** *Galicia Máxica* con **Marta Ortiz** (+ 5 anos)



### • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS 981 610 700

#### MARZO:

- ▶ **Día 25:** *Os chibos chibóns* con **Catuxa Cela** (entre 2 e 4 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 1:** *Contacontos de aventuras* con **Ramiro Neira** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 22:** *Contacontos de cores* con **Eduvía: vías para a educación** (entre 2 e 4 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 13:** *Cantos de avoa* con **Trémola Teatro** (+5 anos)



### • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ 981 618 201

#### MARZO:

- ▶ **Día 27:** *A maxia das palabras* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

#### ABRIL:

- ▶ **Día 10:** *Anuncio por palabras* **Trémola Teatro** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 24:** *Contos con tradición* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 4 anos)

#### MAIO:

- ▶ **Día 8:** *Bibliocanta* con **Eduvía: vías para a educación** (+ 5 anos)



## Festa da Lingua, o 10 de maio

O Concello de Oleiros organiza unha gran festa da lingua para todas as familias do APEGO o sábado 10 de maio nas Torres de Santa Cruz. Teatro, xogos populares, música e moito máis farán as ledicias de todas as familias asistentes. Para participar cómpre inscribirse a partir do día 5 de maio na Fábrica ou no correo electrónico [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org).

Podes consultar toda a programación das actividades infantís Apego e da Festa da Lingua na web municipal: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

- **Aínda non formas parte do Apego?** Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarnos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. **Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org)**

# Novas rutas de Andares por Galicia, a cultura da natureza

“ O programa combina actividades de sendeirismo en espazos naturais, -tanto de costa coma de interior-, con visitas a museos ou outros lugares de interese cultural, histórico ou patrimonial.

*Andares por Galicia, a cultura da natureza* céntrase en descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural da nosa terra e xerar conciencia de coidado e protección do patrimonio natural e cultural. Así mesmo trata de promover a convivencia e a socialización do grupo de participantes nun ambiente aberto e favorecer hábitos saudables de ocio no medio natural.

As persoas interesadas poderán **inscribirse** a través da Sede Electrónica cun prazo aproximado de 15 días antes da celebración de cada ruta. No Departamento de Cultura do Concello de Oleiros e na web municipal poderase obter toda a información precisa.



## Sábado 29 de marzo

- Ruta pola Costa Ártabra: do Faro de Meirás á Praia de Santa Comba

Distancia da ruta: 18,5 km - Dificultade: media

### PUNTOS DE INTERESE:

- ZEC Costa Ártabra • Faro de Punta Frouxeira • Ermida de Nosa Señora do Porto • Praias de Meirás, Campelo, Casal e Ponzos • Castro de Pena Lopesa

VISITA CULTURAL: Museo do Humor de Fene



## Sábado 26 de abril

- Ruta polos viñedos e olaría da Ribeira Sacra do Cabe e o Sil

Lonxitude: 12,5 km - Dificultade: media

### PUNTOS DE INTERESE:

- ZEC Canóns do Sil • Casa Grande de Rosende • Canón do río Cabe • Canón do Sil • Miradoiro e embarcadoiro dos Chancís

VISITA CULTURAL: Rectoral de Gundivós. Olaría tradicional



## Sábado 10 de maio | RUTA FAMILIAR |

- Ruta circular da Ínsua e Praia de Ariño-Camariñas

Distancia da ruta: 7,5 km - Dificultade: baixa

### PUNTOS DE INTERESE:

- Ría de Camariñas • Alto da Insua • Mina de volframio de Amparo • Desembocadura do río Lamastredo • Pazo de Paxariñas

VISITA CULTURAL: Castelo de Vimianzo

## PRÓXIMAS EXPOSICIÓNS NA FÁBRICA

- Mostra de fotografía de Iria Seoane Botana: do 12 ao 26 de marzo
- Mostra pictórica de Carlos Goyanes: do 2 ao 16 de abril

- Mostra de pintura en acuarela de Laura Fraga Salgado: do 23 de abril ao 7 de maio
- Mostra de Nosarte: do 16 ao 30 de maio

## INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

▶ Subscríbete ao **servizo de novas** do Concello de Oleiros | [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

# Cultura de calidade para todas e todos

## TEATRO

### BOA SORTE, MALA FAMA

Tarabela Creativa

• **Sábado 22 de marzo ás 20:30h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Boa sorte, pero mala fama... ningún animal se parece tanto aos emigrantes galegos.



## TEATRO

### UN DEUS SALVAXE

Talía Teatro

• **Sábado 29 de marzo ás 20:30h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

A obra saca todo o lixo des catro individuos sobre a educación que recibiron, a posición social que ostentan, a súa profesión...



## TEATRO

### TESTOSTERONA

Malasombra Producións

• **Sábado 5 de abril ás 20:30h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Comedia protagonizada por Camila Bosa e Luis Iglesia que fala da desigualdade laboral.



## DANZA

### É DIFÍCIL FOTOGRAFAR O BALEIRO

Colectivo D'Elas

• **Sábado 26 de abril ás 20:30h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Un espectáculo que aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo.



## VENDA DE ENTRADAS

■ Anticipadamente en [www.giglon.com](http://www.giglon.com) ou presencialmente no propio auditorio desde unha hora antes do comezo de cada espectáculo.

## Música e poesía con Carlos Palacio na Fábrica



O sábado 24 de maio ás 18:30 horas terá lugar no auditorio da Fábrica unha conferencia sobre a relación entre a canción e poesía centrada nun percorrido histórico sobre a musicalización de poemas, combinando a exposición académica coa presentación de exemplos cantados. A continuación, ás 20:00 horas, comezará o concerto unipersonal con lectura poética de Carlos Palacio, Pala.

Con dez discos, sete libros e un DVD editados, Pala é considerado pola crítica especializada como un dos mellores letristas da súa xeración. Foi gañador, en España, dos Premios Internacionais de Poesía Miguel Hernández 2020, Antonio Machado 2021, José de Espronceda 2022 e Xaén 2023, do mesmo xeito que do Premio Nacional de Música do Ministerio de Cultura de Colombia e do Premio de Poesía Alcaldía de Medellín 2021. Foi distinguido polo Concello de Medellín coa Orde Juan do Corral ao Mérito Artístico. Compartiu escenario e gravacións con artistas como Jorge Drexler, Javier Ruibal, Fito Páez, Juanes, El Kanka, Rozalén, Santiago Cruz, Coque Malla, Pedro Guerra, David Aguilar e Marta Gómez, entre outros.

Entrada libre con invitación ata completar o aforo.

## FESTIVAL de BANDAS de MÚSICA, o domingo 6 de abril en Mera



O Festival de Bandas de Música de Oleiros celebrará a súa XVI edición o 6 de abril ás 12:00 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez. A agrupación convidada este ano é Banda Municipal de Yeles, procedente de Toledo e dirixida por Roberto Gamboa Díaz, que compartirá escenario coa Banda da Escola municipal de música de Oleiros, dirixida por Nilo Armas.

**A entrada será libre e gratuíta**

# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

## ***Vivenda pública***

Estamos todas moi preocupadas polo prezo da vivenda, un asunto que ten moitos matices, polo que é tan difícil de controlar. Un deses matices é que existen moitas persoas que son arrendatarias e tamén moitas que son arrendadoras, polo que aos gobernos resúltalles moi difícil tomar certas decisións. Outro é o desenvolvemento do turismo low-cost, que nos enche de visitantes, persoas que poden chegar a desbordar a capacidade dos hoteis en momentos puntuais, e que doutro xeito, sen acougo "turístico", non poderían viaxar: só hai que ver a escasa proporción de hoteis de baixa categoría (1, 2 e 3 estrelas) que existen. Outro factor, sen dúbida, é a manga ancha que se ofrece ás iniciativas individuais para converter vivendas en hospedaxes, algo que por fortuna en Oleiros non ocorre. Con todo iso, o do turismo é só un dos vértices do problema, que tamén hai que relacionar coa importancia da promoción de vivendas como xeradora de beneficios empresariais e profesionais, e, por enriba de todo, da escasa confianza colectiva que temos na iniciativa pública en xeral, pois as nosas institucións autonómicas e quizaves tamén centrais e locais, poderían xestionar, construír e incluso alugar vivendas seguindo a lóxica da rendibilidade empresarial. Pero qué imos agardar dun país que ata hai ben pouco tempo tiña unha potente banca pública e deixouna arrebatada pola privada sen pinga de disimulo. E sen que case ninguén dixese: "temos que preservar, por enriba de todo, o carácter público das Caixas de Aforro, que son un dos sinais de identidade da nosa economía".

**María Xosé González Edreira - Liáns**

## ***Liberoides sorprendidos pola sinceridade do seu líder***

Tampouco vexo a Trump como algo moi diferente do que sempre nos chegou dos Estados Unidos... se acaso algo máis sincero e transparente. É como os máis tontos da clase, que dicían todo o que pensaban, sen filtrar. Escoitando a algúns opinadores europeos parece coma se ese país tan admirable no que só votan polo regular o 30% das persoas pasase de ser un paraíso a ser un inferno. O goberno das elites americanas xa existía, por máis que agora sexan máis mediáticos e descarados. O desprezo

á pobreza xa existía, por moito que agora se traduza a grandiosas frases no despacho oval. A exportación e explotación das guerras extraterritoriais leva anos e anos sendo pura marca USA no mundo. A devolución de inmigrantes simplemente está executándose, pois é unha acción amparada pola lei. Ata o estruendoso video de Gaza é unha especie de recreación do que están a facer con Tel-Aviv, a antiga Jaffa, cidade que intentan converter na capital turística do Mediterráneo oriental. Trump ten o mesmo fondo americano de sempre, pero revestido dun significante distinto, dun relato dirixido a un público máis zafio, superficial e apaixonado. Puro patanismo para descolocar liberais en todo o mundo.

**Diego Bamio - Montrove**

## ***Alfonso Rueda, rapidez con Feijoo e lentitude con Galicia***

O presidente da Xunta de Galicia parece empeñado en servir como axudante de campaña de Alberto Núñez Feijoo. Nestes últimos días, a propósito do tema da quita da débeda económica das Comunidades Autónomas, prodígoose nos medios de comunicación rexeitando esa posibilidade. Á vez, o seu Conselleiro de Facenda, Miguel Corgós, abandonou a reunión co goberno central na que se ía debater este tema, como fixeron moitas outros representantes de autonomías lideradas polo Partido Popular.

Máis alá de que o goberno da Xunta poida ter razón na súa posición sobre este asunto, aínda que semella que están empezando a ter dúbidas ao respecto, sorprende a rotundidade e a rapidez de decisión. En apenas uns días, o executivo galego amosou a súa idea sobre este particular e aplicouna. Un comportamento que contrasta co que está a pasar con outros temas relevantes que afectan a nosa Comunidade.

Reclamacións de sectores importantes como o dos sanitarios, que piden máis e mellores recursos técnicos e humanos; ou da propia cidadanía, como puidemos ver na manifestación polo galego do pasado 23 de febreiro en Santiago de Compostela, son abandonados nun caixón. O goberno galego da largas, retrasa as medidas ao respecto, eterniza as súas xestións e non da solucións rápidas a problemas bastante importantes e complexos.

Mesmo aquí en Oleiros, con actuacións pendentes como a da Vía Ártabra, vemos como o executivo autonómico amosa a súa falta de consideración. ¿Por que esa rapidez á hora de rexeitar algo que propón o goberno da nación e, á vez, esa lentitude para afrontar os problemas dos galegos? ¿É máis importante que Feijoo chegue á Moncloa que o que pasa no noso territorio? Semella que o señor Rueda ten clara a resposta.

**R. S. S. - Lorbé**

## ***Donald Trump como síntoma dun problema social***

A volta de Donald Trump á presidencia de Estados Unidos prometía traer cambios importantes, e ata o momento está sendo así. Despois de pouco máis dun mes no posto, o magnate americano ten en vilo ao mundo. A súa guerra comercial contra China, á Unión Europea, México ou Canadá, cunha subida de aranceis confirmada nalgún casos, e noutros prometida, son unha clara mostra da política que pensa levar nestes próximos anos dende o punto de vista económico.

Sen embargo, nada é tan importante e indignante como o seu comportamento con asuntos como o futuro da franxa de Gaza e a situación de Ucraína. No primeiro caso, Trump pretende expulsar aos gazatíes das súas terras, con fin de levantar unha especie de resort turístico que nada teña que ver co pobo que é lexítimo dono dese lugar. No segundo, hai uns días, amosou un desprezo total cara o presidente ucraíno Volodimir Zelenski, humillándoo diante dos medios de comunicación e deixándolle claro que a paz con solo se conseguirá con grandes cesións a Rusia.

Hai un ano, estes pensamentos e actuacións por parte dunha persoa da posición política de Trump, serían considerados como extravagantes e recibirían a forte crítica da cidadanía. Pero as cousas xa non son o que eran. Agora, figuras coas actitudes e ideas do presidente americano son aplaudidos e repetidos por unha ampla maioría da sociedade. Un feito que nos leva, irremediabilmente, a pensar en que existe un gran grupo de persoas que perdeu o contacto coa realidade. Un grupo ó que o seu fanatismo e odio ó diferente os está a levar a posicións que parecían esquecidas neste século.

**Lucía Pereira - Nós**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES M <sup>a</sup> Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
M <sup>a</sup> José Trincado / Mera	981 628 507
M <sup>a</sup> José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



Toda a actualidade municipal en: [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**39.130**  
*habitantes*  
*empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 7 de marzo**

DEXO (Santa María)	1.499
DORNEDA (San Martiño)	3.774
IÑÁS (San Xurxo)	1.314
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.405
MAIANCA (San Cosme)	1.750
NÓS (San Pedro)	5.045
OLEIROS (Santa María)	3.344
PERILLO (Santa Leocadia)	9.294
SERANTES (San Xulián)	1.705

**TOTAL 39.130**

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Aeroporto de Alvedro  
**981 187 200**

Estación autobuses A Coruña  
**981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo  
**902 432 343**

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

■ <b>PERILLO</b> • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 22 ao 28 de marzo
■ <b>NÓS</b> • Avda. das Mariñas, 247	Do 29 marzo ao 4 abril
■ <b>SANTA CRUZ</b> • Francisco Comesaña 4-6	Do 5 ao 11 abril
■ <b>ARILLO</b> • Avda. República Arxentina, 106	Do 12 ao 18 de abril
■ <b>OS REGOS</b> • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 19 ao 25 de abril
■ <b>SANTA CRUZ</b> • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 26 de abril ao 2 de maio
■ <b>PERILLO</b> • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 3 ao 9 de maio
■ <b>LORBÉ</b> • Rúa Golfiño, 117-A	Do 10 ao 16 de maio
■ <b>IÑÁS</b> • Avda das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 17 ao 23 de maio
■ <b>PERILLO</b> • Rúa Areal, 17	Do 24 ao 30 de maio
■ <b>OLEIROS</b> • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 31 de maio ao 6 de xuño
■ <b>MERA</b> • Praza de Miramar, 4	Do 7 ao 13 de xuño

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	14 marzo / 13 abril / 12 maio
<b>Mingua</b>	21 marzo / 19 abril / 19 maio
<b>Nova</b>	29 marzo / 27 abril / 27 maio
<b>Medra</b>	5 abril / 4 maio / 3 xuño

# Educando en valores

“ O Concello organiza 82 excursións para os centros de ensino



Entre outras moitas actividades, están a realizarse 82 excursións financiadas polo Concello. Trátanse de rutas de educación ambiental nas que participará o alumnado de primaria e secundaria dos distintos centros.

Para as nenas e nenos máis pequenos, as excursións serán preto dos seus centros escolares para que coñezan a riqueza medioambiental que teñen nas súas localidades. As saídas serán á Lagoa de Mera, Finca da Carballeira, Bosque dos veciños, Bastiagueiro e río Xentiña, illa do Castelo de Santa Cruz e Souto de Vista Alegre.

O alumnado dos últimos cursos de primaria e o de secundaria coñecerán os recursos que lindan co noso concello coas rutas etnográficas e patrimoniais: Oleiros desde A Coruña, Camiñando pola beira do río Mero e Cecebre e contorna. O Concello tamén

organizará excursións de un día por Galicia, para que teñan a oportunidade de pasar un día enteiro coñecendo vilas maravillosas e profundando na súa historia: Lucus Augusti, Compostela camiño de estrelas, Terra Chá e Manuel María, Pontedeume dos Andrade, Pontevedra vila de pontes e Ferrol de todas.

Tamén haberá excursións de varios días, pensadas especialmente para fomentar a convivencia e o afecto e investigar por algúns dos bosques máis espectaculares e as paisaxes máis emocionantes de Galicia. Case todos os colexios e institutos animáronse a participar. O IES Neira Vilas, IES Miraflores e CEIP Rabadeira visitarán a serra do Courel, o colexio Valle Inclán irá tras a pegada de Pepa a loba en Sobrado dos Monxes e os colexios Isidro Parga Pondal o Luís Seoane percorrerán as Fragas do Eume.



“ O Concello de Oleiros ten un forte compromiso coa educación pública. Ao longo de todo o curso organízanse numerosas actividades educativas complementarias á formación curricular, que se ofertan gratuitamente ás direccións e profesorado de todos os colexios e institutos, cun investimento de 532.000 euros.